

O uso de TEMA como ferramenta didáctica na Licenciatura en Tradución e Interpretación

Alberto Álvarez LUGRÍS

Departamento de Tradución e Lingüística

Contextualización das materias

Diagnóstico situación dos alumnos ó
comezar a licenciatura

Obxectivos por que empregamos
TEMA

Metodoloxía a docencia en TEMA

Ferramentas TEMA

Conclusións

Contextualización das materias:

- Introducción á tradución inglés-galego
(1º curso)
- Tradución xeral inglés-galego
(2º curso)

Competencias:

-entre as instrumentais:

manexo de ferramentas informáticas de **producción e tratamento** de texto e de **comunicación (TIC)**

-entre as interpersoais:

traballo cooperativo en equipo,
asunción de **responsabilidades**
espírito **crítico e autocrítico**

Diagnóstico

En xeral, cando os estudantes chegan á universidade carecen de:

- iniciativa
- espírito crítico
- capacidade de análise
- coñecementos básicos de ofimática
- redacción formal

Obxectivos

- Fomentar a autonomía da aprendizaxe
 - Fomentar a crítica e a autocrítica
 - Fomentar o traballo en grupos estruturados
 - Desenvolver a capacidade de adaptación
 - Flexibilidade nos horarios de traballo
-
- ➔ Contacto profesional e fondo coas TIC
 - ➔ Mellorar a calidade docente

Metodoloxía

- Ⓢ Dende o curso 1998-99 empregamos as TIC como **ferramenta** docente e como **obxectivo** docente
- Ⓢ Complemento da docencia presencial

Metodoloxía

presentación de esquemas-resumo dos temas


3

Tema 2

A tradución en Galicia. O tradutor no seu contexto: paratradución, ética e responsabilidade do tradutor

- lingua, literatura e tradución.
- historia da tradución en Galicia: a Idade Media; do Rexurdimento ó Golpe de Estado do 1936; a ditadura franquista; a época actual.
- a tradución como compromiso.
- traducir en Galicia na actualidade.

- bibliografía: Even-Zohar (1996), Figueroa (2001), Woodsworth (1996), Ferro Ruibal (1999), González Millán 1995), Milán Varela (1996, 1998), Noia Campos (1995).

 Esquema-resumo do tema

 Cuestionario

 Cilindro con inscrición cuneiforme

 Táboa cuneiforme con censo de traballadores

 Pedra de Rosetta

 Nomes tema 2

Tema 2. A tradución en Galicia. O tradutor no seu contexto. Ética e responsabilidade do tradutor.

2.1. Lingua, literatura e tradución

2.2. Apuntamentos para unha historia da tradución en Galicia

2.2.1. A Idade Media

2.2.2. Do Rexurdimento ó golpe de Estado de 1936

2.2.3. A ditadura franquista

2.2.4. A época actual

2.3. A tradución como compromiso

2.4. A xeito de conclusión

2.5. Bibliografía

2.6. Autoavaliación

© Alberto Álvarez Lugiés, 2007.

1.1. Lingua, literatura e tradución

A historia de tódalas linguas que podemos cualificar como cultas ten como unha das súas primeiras fases a creación dun corpus de textos escritos no que ocupan un lugar moi destacado as traducións de obras históricas, literarias ou relixiosas doutras culturas que se toman como modelo e que están máis desenvolvidas.

Na **Idade Media** a cultura europea pódese definir como unha **cultura bilingüe**: o latín e as linguas vernáculos conviven en toda Europa, o primeiro como lingua de cultura e de culto e as outras como vehículo da comunicación cotiá.

Os reis e os aristócratas promoven traducións cun dobre obxectivo: por unha parte, engrandecer intelectualmente as súas cortes e eleva-lo nivel cultural da nobreza e, por outra parte, priva-la institución eclesiástica dunha parte do seu **poder**, conseguido gracias ó dominio das linguas clásicas e ó monopolio da cultura. A tradución era, xa que logo, un **instrumento político e non só cultural**. Aínda que falamos de tradución, debemos ter en conta que neste período o concepto era moi distinto ó actual: tradución como **imitatio**. A tradución entendíase máis como unha forma de apropiación e recreación do orixinal que como unha forma de transmisión de información ou valores estéticos.

Neste contexto nacen as **literaturas nacionais europeas**. Tanto as literaturas como as linguas autóctonas comezaron a desenvolverse, medrar e madurar gracias ás traducións do latín e do grego. En España, Francia, Alemaña, Inglaterra e Italia, o poder político fomenta as traducións de textos literarios, relixiosos e histórico-políticos; e sempre cun **dobre obxectivo cultural e político**: reivindicar cada unha das linguas autóctonas como linguas de cultura e, ó mesmo tempo, contribuír á fixación e á unidade dos futuros estados europeos, reafirmándose fronte ós outros estados.

Debemos destacar un concepto fundamental: o **concepto da "posesión da literatura"** como un dos *indispesabilia* do poder, é dicir, un dos elementos distintivos que identifican o poder e que o definen, xunto ó poder económico e militar, entre outros. Cando falamos de "literatura" referímonos á literatura

Metodoloxía

cuestionarios de autoavaliación

Un tema recorrente das traducións que se fan ó galego en calquera época da historia moderna é...

- Escolla unha resposta. a. o celtismo
- b. o galeguismo
- c. O nacionalismo
- d. a normalización lingüística

Enviar

Metodoloxía

prácticas

obrigatorias

e

complementarias

Traballaremos cun texto de William Sidney Porter (1862-1910), que asinaba co pseudónimo de O'Henry. O texto é "The Cop and the Anthem". Este relato levouse ó cine como parte do filme *Full House*, que veremos na clase como final do tema.

O texto do relato: [The Cop and the Anthem](#)


O guión da película: [Full House Script \(The Cop and the Anthem\)](#)


Máis información sobre O'Henry:

- [William Sidney Porter at Lone Star Junction](#)
- [O'Henry Museum](#)
- [The mad Cybrarian](#)
- [Greensboro Historical Museum](#)
- [Unha lectura de "The Cop and the Anthem"](#)



. (OLLO! O arquivo é de 7 MB. Trátase dun arquivo de son en formato mp3, para o cal precisas o reprodutor Winamp ou similar, que podes descargar de balde en <http://www.winamp.com/player>). [Tomado de Wikisource. Licencia GNU de libre distribución. Content is available under GNU Free Documentation License].

 [PPT tradución literaria - The Cop and the Anthem](#)

 [A ruta circular de Soapy por Manhattan](#)

 [Esquema resumo do tema](#)

 [Prácticas complementarias](#)

Metodoloxía

actividades individuais e en grupo:

- ◆ estudos de caso (dosier)
- ◆ crítica de traducións
- ◆ análise de textos audiovisuais
- ◆ traducións

➔ traballo cooperativo en grupos estruturados

Metodología

debates no foro:

- ◆ interacción alumno-alumno
 - ◆ interacción alumno-grupo
 - ◆ interacción alumno-profesor
-
- crítica e autocrítica
 - autonomía

Metodoloxía

- ✓ uso de diferentes programas, formatos e modos de comunicación
- ✓ todas as actividades son obrigatorias
- ✓ corrección a través de TEMA
- ✓ o profesor limita as súas intervencións
- ✓ titorías a distancia (e presenciais)

Ferramentas

Ademais das ferramentas que ofrece Moodle...

...a propia plataforma TEMA é a un tempo unha ferramenta docente e un obxecto didáctico; é unha ferramenta de aprendizaxe e un obxectivo de aprendizaxe.

Conclusións

- ❑ Actitude positiva do alumno ante as actividades non presenciais
- ❑ Maior rendemento académico malia supor unha maior dedicación
- ❑ Cómpre mellorar a utilidade dos cuestionarios, facéndoa máis flexible e máis potente
- ❑ Para o profesor é unha carga de traballo adicional, sobre todo o primeiro ano.

*Moitas grazas
pola súa atención!*

Alberto Álvarez Lugrís
Departamento de Tradución e Lingüística